

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra ditou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

ASISTENTES:**PRESIDENTE**

Antonio Crespo Iglesias
(Xefe Territorial)

VOGAIS

Amalia Elsa Pazos Pintos
(Xefa do Servizo de Montes)

Xesús Santaló Ríos
(Representante do Colexio de
avogados de Pontevedra)

X. Carlos Morgade Martínez
(Representante das CMVMC de
Pontevedra)

Lorena Peiteado Pérez (Letrada da
Xunta de Galicia)

**VOGAIS REPRESENTANTES DOS
VECIÑOS DA CMVMC DE SOBRADA
(TOMIÑO)**

Antonio Mariño Cuña
Aquilino Fernández Martínez

SECRETARIA

Ana Belén Fernández Dopazo
(Funcionaria adscrita ao Servizo
Xurídico Administrativo)

Na cidade de Pontevedra, sendo as 16:00 horas do 16/02/2022 coa asistencia das persoas á marxe indicadas, os representantes da comunidade de montes veciñais en man común (en adiante CMVMC) de Sobrada mediante videoconferencia, reúnese, no 2º andar do edificio administrativo sito no nº 43 da Avda. María Victoria Moreno, o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre a resolución do expediente de clasificación do monte denominado **Portela ou Feira de San Xulián**, solicitado a favor da **CMVMC de Sobrada (Tomiño)**

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO.- Con data de entrada 08/10/2019, a CMVMC de Sobrada, concello de Tomiño, presenta solicitude de clasificación do monte denominado "Portela ou Feira de San Xulián". Achega o acordo da asemblea xeral e un informe técnico con planimetría, validación gráfica, fotografía catastral de 1956 e relación de propietarios.

O 26/12/2019 o Servizo de Montes indica que os datos aportados pola solicitante permiten identificar plenamente a parcela, que non está clasificada e que segundo o catastro invade vías públicas a nome do Concello e fincas particulares.

SEGUNDO.- O Xurado Provincial de Montes en Man Común, na súa sesión de 27/02/2020, acordou incoar o expediente de clasificación do monte denominado "Portela ou Feira de San Xulián" a favor da Comunidade de Montes da parroquia de Sobrada, concello de Tomiño.

O 12/03/2020 solicítase ao Servizo de Montes a elaboración do informe preceptivo conforme o artigo 20 do Decreto 260/1992 do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común. Con data 08/09/2020 recíbese o antedito informe preceptivo do Servizo de Montes.

TERCEIRO.- O 12/05/2021 requírese á Comunidade de Montes de Sobrada a relación de lindeiros da parcela obxecto do expediente. Recíbese esta relación o 03/06/2021.

CUARTO.- A Rexistradora da Propiedade de Tui, en escrito de data 17/06/2021, certifica que non figura inscrita no Rexistro da Propiedade ningunha finca coa descrición facilitada polo Xurado de Montes Veciñais.

QUINTO.- O Diario Oficial de Galicia publicou o 23/09/2021 o anuncio do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra co acordo de iniciación do expediente de clasificación e abrindo o período dun mes para que as persoas interesadas puideran examinar o expediente e efectuar as alegacións oportunas, de conformidade co disposto no artigo 23 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro. Non se presentaron alegacións por parte do Concello nin de particulares.

SEXTO.- A Comunidade de Montes de Sobrada presentou nova documentación para achegar ao expediente. Trátase de dous contratos de arrendamento de parte da parcela solicitada de clasificación e dos recibos de cobramento do alugueiro correspondente.

SÉTIMO.- Á vista da documentación aportada pola Comunidade solicitante e o informe do Servizo de Montes, o monte obxecto do presente expediente obedece á seguinte descrición:

**CONCELLO: TOMIÑO.
PARROQUIA: SOBRADA.**

NOME DO MONTE: PORTELA ou FEIRA DE SAN XULIÁN.

Cabida: 2.783 m² (superficie alegada na solicitude).

Cabida clasificada : 2.405 m²

Estremas:

Norte: Óscar Fernández Estévez.

Sur: Francisco Patricia Álvarez, Miguel Pereira Español e Albertina Marín Fernández.

Leste: Cristina Diz Fernández e Marina Diz Mourón.

Oeste: Óscar Fernández Estévez.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter ao abeiro do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.- De conformidade có artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 260/1992 do 4 de setembro débese entender por montes veciñais en man común *"... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas, os membros daquelas na súa condición de veciños"*.

Así, segundo abundosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como veciñal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.

Terceiro.- O informe preceptivo do Servizo de Montes establece que *"A maior parte da superficie é unha explanada asfaltada cun cerramento de pilotes de formigón e arame que ten un cartel de alugamento. No momento da inspección encontrábase un remolque e restos de madeira amontoada... Tamén contén este terreo un parque infantil, un cruceiro e unha zona de aparcamento. Está incluída nesta superficie unha pequena edificación que se encontra dentro dunha finca cerrada que contén dúas casas mais... A parcela ten un uso recreativo (parque infantil) e socioeconómico, estando en arrendamento"*.

Cuarto.- A Comunidade de Montes de Sobrada presenta diversa documentación histórica que demostra o carácter veciñal da parcela, catastrada como "comunal" en 1956. Presenta tamén contratos de arrendamento de parte do terreo de datas 2019 e 2020.

Quinto.- Aínda que a parcela solicitada de clasificación corresponde con varias fincas catastrais das que non consta como titular a Comunidade de Montes, a planimetría presentada corresponde cunha parcela que conta actualmente con marcos e carteis da Comunidade de Montes de Sobrada. A parte da parcela máis achegada á estrada ten uso recreativo (parque infantil, cruceiro e aparcamento) e a máis afastada está arrendada actualmente con contrato en vigor. O Concello de Tomiño non presentou alegacións contrarias á clasificación (soamente a notificación da exposición do anuncio no taboleiro municipal), o que supón o recoñecemento implícito do carácter veciñal desta parcela por parte do Concello. Finalmente o feito de que durante a tramitación do expediente non consten alegacións opoñéndose á clasificación, como Monte Veciñal en Man Común, de terceiros que acreditasen un uso privativo destas parcelas, demostra que existe un


aproveitamento público, pacífico e continuado en común por parte dos veciños da parroquia de Sobrada.

Da clasificación debe excluírse a edificación de pequenas dimensións situada á beira da estrada, porque aínda que corresponde cunha instalación situada en terreo veciñal utilizada tradicionalmente para o cobramento de impostos, actualmente ten un uso privativo non veciñal. Tamén deben excluírse da clasificación dúas pequenas superficies que invaden a estrada de referencia catastral 36054A03509005 por tratarse dunha vía pública, pero non a superficie de referencia catastral 36054A03509003, por tratarse dunha servidume de paso a fincas lindeiras.

En consecuencia, vistos os antecedentes mencionados, a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación, **o Xurado** por unanimidade **acorda** : **CLASIFICAR** como veciñal en man común o **monte denominado "Portela ou Feira de San Xulián"** a prol dos veciños da CM de Sobrada (Tomiño) **excluindo a edificación situada á beira da estrada así como dúas pequenas superficies que invaden a estrada de referencia catastral 36054A03509005 por tratarse dunha vía pública**, de acordo á descrición reflectida no antecedente de feito sétimo e conforme a planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes que forma parte inseparable da presente resolución

Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 123 e 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa





Portela ou Feira de S. Xulián 2.405 m.²

 XUNTA DE GALICIA	CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL Dep. Territorio e Infraestruturas Servizo de Planificación
	
Portela ou Feira de San Xulián	
CMVMC de Sobrada. Tomiño.	
Pontevedra	A3 1:500 (etrs-89)
Febrero 2022	

[Handwritten signature]